



Ferro-carril Compostelano.

ROMANCE GALLEGO,

*en que o labrador Seor Pedro conta a os seus
veciños as boas novas. que hay, pra a construcion
do Camiño Ferrudo hastra a presente fecha 4 de
Diciembre de 1862.*

Non sei qué xuncras tragia
na moleira o Seor Pedro,
que o vin no outro onte
carcirando, como un nevo,
e axuntando a os seus veciños,
pra que onde a o seu palleiro
fosen axiña a agoardalo.

Eu non sei si un formigueiro
de vermes lle boligaban
entre os miolos dos sesos,
pois semellaba a un doente,
pro casi arrincando os pelos
de debaixo da monteira,
sin ton, nin son, e sin xeito.

Eu non sei qué lle proía:
eu non sei, si tiña o demo:
porque os folgos eran fogos
e os ollos dous candeeiros:

e a cara toda prigada,
amostrando os seus chavellos
co a boca de un palmo aberta,
habexado o fucineiro,
parecia un estraloxe,
un estraloxe de un vello.
E o mangallon tamen ria,
como un meniño do peito.

Eu non sei qué demo tiña:
eu non sei, si tiña o demo.

Por loquemia, no o facia,
e por divertision, menos:
porque nunca farandulo
na vida foi o Seor Pedro.

Pro, eu ¿por qué carga de allos
hei de ser tan paroleiro,
que hei de adiantarme á contarvos
qué lle pasaba a o Seor Pedro?

¿queredes sabelo, ho?
¿qué tal, ho? pois leédeo:
que aquí esquirbo debaixo
canto falou no palleiro
des que veu á xente xunta
co os estricados pelexos
das orellas, pra oílo
porque liñan gozo de eso.

Pois logo, mentres, calade:
ninguen xema: todos quedos.

Por un pouco, fora o folgo,
que vos estorba o alento.

Tampouco pestanexedes,
nin collás o tabaqueiro,
pra que non fungue a moqueira,
mentres fala o Seor Pedro.

Oídeo, que o non oíto
évos pecado moiteiro.

—
¡Ei! ¡caracha! ¡viva a Pepa!
¡viva a Pepa, meus veciños!
De alegría no palleiro
cu salto, brinco e esporriño.

O pran da *Via* vai nela,
como me chamo Perieo.

Cada vez a cousa engorda,
como que hincha a ollos vistos,
Pro, si hincha, non estoura;
como o pelexo enteirizo
da castaña agüenta e fefa
pra levala o enemicho.
Cando mais, si algo rebenta,
e arregaña, e o ourizo,
pra guindar limpa a castaña
e roer fruto tan rico.

¡Ay, que a Burra pare e certo!
¡ay, párevos, meus amigos!
¡que vos pare e unha verdade,
como tres e dous son cinco!
¡Párevos! anque xa sei
que vos estades paridos.

Os meus Seores traballaron
con tan donoso amorio,
denpois que se esperguisaron
po-lo tempo mal perdido;
tanto afinearon a cousa,
con tal xeito e con tal brio;
puxeron o chan da terra
das malas herbas tan limpo,
e tan esgarabellado,
tan revirado e espelido,
que a o fin veu a semente.....
¡ay, que semente, veciños!

Por eso arrigou a a presa
sin deixar tempo a un suspiro,

ainda ben non lle tocou
a semente a o chan moído.

E de juro a Burra pare,
e a Burra pare de fixo:
e de aquí ninguen me saca
con hisopos, nin con cristos.

¡Ei! ¡caracha!... ¡viva a Pepa!
¡vivan os homes de esprito!

O que fore caralloto
por ter o corazon frío
non sentirá no seu peito
miga do meu regociño.

O que foi feito a o machado
e naceu pra bacoriño
quizais me collerá medo
co o tolo gozo en que brinco.

O barrigan que se ceba
como o cocho, sin mais lino,
e, sin saber por qué, odia
as cousas do noso sigro
tampouco ese mulo entende
do meu contento o motivo.

O cobisoso e broneudo
que priga e torce o fociño,
porque non compre facer
po-la sua vila o *Camión*,
ese mandaráme a os diabros
e a todo canto maxino:
si o seu Dios non e o de todos,
¿qué ben dirá do *Camión*?

Pro todo gallego sano
na sua molcira e xuicia
e que ama a humanidade
e todos os beneficios,
que nela Dios chover poida,
ese non solo conmigo
de gozo se esvacilloa,
sinon que, con dez sentidos
si os tivera, axudaría
a o pran do *férreo Camión*.

Mais, deixando todo esto
pra o mais leser de un domingo,
quero que vosoutros todes
nunha cousa poñás lino.
Eu anduven usmeando
e paséi os meus afritos,
pra darvos na xunta última
as novas, que déi; pro, amigos,
eu e verdade que fixen
de espía o ruin oficio;
mais, tamen o que axexéi
non mo trabucou o oído,
pois, foise o que vos contei
a o pe da tetra cumprindo:
e sinon, vos escoitádeme

e poñede longo oído.

Dixenvos que non marraban
casas gordas de grau limpo,
Espanolas e estranxeiras,
que ven o noso *Camión*,
como unha mona vereda
no medio de un paraíso.

E foi verdá, como un croyo,
e por eso concorriron
co as suas uebas abertas
amarelas co o ouro fino,
pra que deamos co a sua axuda
aire a o *ferrudo Camión*.

Foi, si, que con uns franceses
houbo tropezos e afritos,
porque os pobres non poideron
bafexar co os compornisos.

Pro tamen veu de Castela
un Seor aló ben rico,
que tragia as falcatroas
cheas co o ouro bonito.
Non sei como así un home
pudo haberse despedido,
si e que non trouxo prans tolos;
pro, non sei eso, repito.

Veu tamen Mosiur Morá,
ou, no seu nome, uns amigos:
e de estes viaxes tampouco
nada de porveito vimos;
pro non sei de quen manou
un efeuto así tan frio.

En Santiago mesmo houbo,
coido que un tal seor don Pio,
que tamen fixo propostas
pra a feitura do *Camión*.

Todos aquestes Seores,
que están co o ouro ronxindo,
podrá que anden en senreiras
pra ver o mais espelido.
E a Xunta de Goberno
sacaria bo partido
de tirrias que tanto compren,
si aínda o coidara preciso.

Pro, agora ó seor don Xan
de Stone por apellido
rematou co as suas propostas
un preito pouco reñido.
Con que, o inglés Mosiur Stone
dende hoxe tendeo sabido,
évos o arriscado mozo
tan feireante e cumprido
que en compañía dos gallegos
fará o *ferrudo Camión*.

Pois, si esto está pasando,
e outras cousas revolindo,

que hoxe non vos conto todo,
anque no o deixo esquencido,
¿cómo maxinades, homes?

¿qué cavilades, amigos?
¿non poderémos axiña
ver o *ferrudo Camión*?
¿non vedes xa a castaña
po-lo arregañado ourizo?
¿no nos escarrancharémos
pronto enriba do Borriño,
que a Burra vai ceibar logo,
pra Galicia gran servico?

¡Ei! ¡caracha! ¡viva a Pepa
e os homes de forte esprito!

Noutra ocasion houbo ¡vivas!
fogos, runfla e regocillo:
hoxe a festa e toda miña:
hoxe, si eu tocara ó pínfano,
bufaría nos furacos,
que vos guindara aturdidos:
hoxe, si non foran tantós,
tan pesados e ercidos
os trabucos que reparten
a o sayo de lan sufrido,
eu botaba duas ducias
de fogos, e non cativos.

Basta de esto, e por remate
unha cousa vou decirvos.

Ben vedes que son moi vello:
os anos nunca mentiron:
po-la sua parte os traballos
fixeron o seu oficio.
As pernas tarambeléanme,
no palleiro estando erguido.

Pois ben: entrementres poida,
eu, si non sei istruirvos,
por eso quero contarvos
as cousas do Mundo endino,
que adeprendin co os traballos
e co os anos remexidos.
Outras veces contaréivos
sucesos que vaya oindo
que acontecen de presente,
como o fixen decotío.

E entrementres non vexamos
feito o *ferrudo Camión*,
eu seguiréi usmeando:
todo vo-lo iréi decindo:
porque un pran tan porveitoso
do pensamento no arrineo.

Pro en vez de vir a a eira
e dende aquí de este pieco
do meu palleiro eu falarvos,
falaréivos a o agarimo

da fogueira do meu lar,
aló a as noites dos domingos,
a non ser que unha gran nova
má faga vir a este silio.

A vos non vos cadra mal
agora no inverno frío:
e vos tamen falarédes
o que vos viñere a o xuicio:
e así parolando todos
uns a os outros istruímonos,
facendo tan boa tortulia
que de cobisa a o enemicho,
pois ninguén vive nin morre
de todo ben deprendido.

Ahí tendes o amigo Roque,
que anque e algo adivertido
na senreira co as mulleres,
como de anos ten bo pico
e miolos non lle marran,
terémos gozo de oílo.

Ahí vedes tamen Farruco,
falangueiro, como él mesmo,
que, si mente como os nenos,
gánalle a os nenos en tino.

Aló estou vendo a o bulrista
Goriño, contra min rindo:
na tortulia, boa compañía
que fará, xa o adiviño.

Miráde acó a o mencereiro,
o Sancristan, meu amigo,
que xa herda de seu pai
de Xan o nome escollido,
e goza a vida entre os santos,
alumeándoos e vespíndoos;
este e un pe daquela alma
pra a tortulia, que maxino.

Pro tamen daquela alma
e Xiremo, home rico,
rico en leiras, rico en gandos
e no xenio tamen rico.

Mirade aló a Bertolo,
Andruco, Anxelo, Basilio
e os mais todos que servides,
pra quentarvos o fociño
sentados na parrameira.
Adios, homes: hastra o dito.

M. Fernandez M.

